

## APAGUENME A LUZ

Apáguenme a luz,  
déixenme quedar quedo  
por unha eternidade,  
soñar cos louvados  
tempos de antano,  
somerxerme nun mundo  
temido e,  
ó tempo,  
anceiado.

Que as tebras  
oculten a mifia face  
coma as de tantos outros  
que querian que a súa luz  
seguira acesa  
pra seguir adiante  
no duro camiño  
dunha vida eivada,  
ferida,  
anguriada,  
que da a voz de alarma:  
se as flores do tempo  
están a murcharse,  
descacharanse  
os impenetrables soños  
daqueles nos que a luz  
vaise apagando pouco a pouco  
como candil  
que sufre as consecuencias  
da chegada do dia,  
que debece porque a noite  
sexa reina,  
e reine cun orgullo inquebrantable?

Apáguenme a luz,  
e así,  
ainda sen azos,  
seguirei a ruta  
dunha viaxe sen retorno.

Centos de cravos  
oprimen o meu corazón,  
os furados que nel fan  
son pozo dun grande penar,  
e esta cama  
que sostén o meu corpo,  
ermo,  
e cárcere que separa  
un mundo incompleto  
dun ouvido atento á vida,  
do laio cruel e amargo  
da realidade.

Somentes de pensar  
que al preguiceira vida  
non agardou por min,  
e marchou alancando,  
deixándome só,  
subo no tren das tebras,  
na procura daquilo que me falta,  
daquilo que marchou coa vida,  
daquilo que olvidou a miña presencia,  
dun destino que,  
trabucado,  
desembocou aquí,  
nas riberas da desesperanza,  
agardando atopa-la razón  
dunha situación  
que non me leva a ningures;  
e a néboa,  
impídeme ver quen son,  
e quen era eu  
antes de que quedase  
no medio do camiño,  
a soas,  
sen ninguén que me atopase,  
sen unha man amiga,  
sen un bon samaritano,  
sen ninguén que despertara  
ó pobre Lázaro,  
agardando atopar  
o lado menos-tráxico  
da realidade,  
rememorando o que pasou  
aqueles maravillosos anos,  
testemuñando o que aconteceu  
naquel día tráxico  
para un da humanidade,  
mais só un.

E todo continua,  
todo segue como acostumaba,  
pero é un todo  
que non enche;  
é un todo vacío,  
que deixou un algo na lonxanía,  
no camiño dunha vida  
que non mira cara atrás  
nas despedidas.

A contradicción  
agólpase nos meus pensamentos,  
mais no intre final,  
ó rematar esta decadencia vital,  
seguirei aquí  
con fólgos ou sen eles,  
na única compañía dunha cama,

duns recordos,  
e dunha luz,  
unha luz nos meus ollos  
que quero que me apaguen.

Apáguenme a luz,  
deixen que risque  
os límites do alén,  
que a miña alma se esvaeza  
nas augas  
dun río sen  
retorno.